

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

6767 *Real decreto 549/2014, do 27 de xuño, polo que se modifica o Real decreto 548/2013, do 19 de xullo, para a aplicación do Programa de apoio 2014-2018 ao sector vitivinícola español.*

O Real decreto 548/2013, do 19 de xullo, para a aplicación do Programa de apoio 2014-2018 ao sector vitivinícola español, establece no seu artigo 53.1 que o prazo máximo para a resolución e notificación do procedemento será de seis meses contados a partir do día seguinte á finalización do prazo de presentación de solicitudes, e que non se poderá efectuar antes do 1 de xullo.

Así mesmo, o artigo 51.1 do referido real decreto dispón que se deberán presentar as solicitudes antes do 1 de febreiro de cada ano e por primeira vez antes do 1 de febreiro de 2014. Por tanto, o prazo para a resolución e notificación do procedemento finaliza o 1 de agosto.

Por outra parte, o artigo 53.2 do Real decreto 548/2013, do 19 de xullo, establece que os beneficiarios comunicarán ao órgano competente da comunidade autónoma, nos quince días seguintes á notificación da resolución, a súa aceptación e que a aceptación se deberá acompañar dunha garantía de boa execución. Esta documentación poderase presentar por medios tradicionais ou, se o desexan os cidadáns, por medios electrónicos.

Coa finalidade de que os beneficiarios dispoñan dun maior prazo para obter a garantía de boa execución, considérase oportuno ampliar o dito prazo a dous meses.

O Regulamento de execución (UE) n.º 752/2013 da Comisión, do 31 de xullo de 2013, polo que se modifica o Regulamento (CE) 555/2008 no que respecta aos programas nacionais de axuda e aos intercambios comerciais con terceiros países no sector vitivinícola, engade no capítulo III do título II o artigo 37 *ter* sobre comunicación relativa aos anticipos. Este artigo obriga os Estados membros a establecer unha data en que os beneficiarios que recibisen un anticipo da axuda pola medida de promoción en mercados de terceiros países, de reestruturación e reconversión de viña, investimentos ou eliminación de subprodutos deben comunicar aos organismos pagadores, unha vez ao ano, unha xustificación dos gastos realizados até o 15 de outubro do anticipo concedido e a confirmación, tamén por cada medida, do saldo restante dos anticipos non utilizados en 15 de outubro.

Por tanto, e sen prexuízo da aplicabilidade e eficacia directas do citado regulamento, establécense as datas de comunicación da situación dos anticipos que debe realizar o beneficiario ao organismo pagador competente e a data de comunicación do organismo pagador ao Fondo Español de Garantía Agraria.

Na tramitación desta norma foron consultadas as comunidades autónomas e entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de xuño de 2014,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 548/2013, do 19 de xullo, para a aplicación do Programa de apoio 2014-2018 ao sector vitivinícola español.*

O Real decreto 548/2013, do 19 de xullo, para a aplicación do Programa de apoio 2014-2018 ao sector vitivinícola español, queda modificado como segue:

Un. O número 2 do artigo 53 queda redactado da seguinte forma:

«2. No caso de resolución positiva, os beneficiarios comunicarán ao órgano competente da comunidade autónoma, nos quince días seguintes á notificación da resolución, a súa aceptación nos termos establecidos ou, se for o caso, a renuncia. Nos dous meses seguintes á notificación da resolución os beneficiarios deberán presentar ante o órgano competente da comunidade autónoma unha garantía de boa execución, de acordo coas condicións previstas no Regulamento de execución (UE) n.º 282/2012 da Comisión, do 28 de marzo, por un importe do 15 por cento da contía do financiamento comunitario, co fin de asegurar a correcta execución do proxecto.»

Dous Introdúcese un novo artigo, 62 bis, co seguinte contido:

«Artigo 62 bis. *Comunicación relativa aos anticipos.*

1. Para os anticipos concedidos á medida de promoción en mercados de terceiros países, segundo o artigo 14, o beneficiario deberá realizar cada ano ao organismo pagador, antes do 31 de xullo, xunto coa solicitude do pagamento do saldo da anualidade correspondente, unha declaración dos gastos que xustifique o uso dos anticipos na anualidade correspondente e a confirmación do saldo restante do anticipo non utilizado. A dita declaración de gastos que xustifique o uso de anticipos farase por primeira vez para as solicitudes de saldo correspondentes á anualidade 2014.

2. Para os anticipos concedidos á medida de destilación de subprodutos, segundo o artigo 43, o beneficiario deberá realizar cada ano ao organismo pagador, antes do 20 de xullo, xunto coa solicitude do pagamento do saldo, unha declaración dos gastos que xustifique o uso dos anticipos no exercicio Feaga correspondente e a confirmación do saldo restante do anticipo non utilizado. A dita declaración de gastos que xustifique o uso de anticipos farase por primeira vez para as solicitudes de saldo correspondentes ao exercicio Feaga 2014.

3. Para os anticipos concedidos á medida de reestruturación e reconversión de viñas, segundo o artigo 33, os beneficiarios deberán comunicar cada ano ao organismo pagador, antes do 31 de outubro, unha declaración dos gastos que xustifique o uso dos anticipos até o 15 de outubro correspondente e a confirmación do saldo restante dos anticipos non utilizados en data 15 de outubro. A dita declaración de gastos farase por primeira vez antes do 31 de outubro de 2014.

4. Para os anticipos concedidos á medida de investimentos, segundo o artigo 56, os beneficiarios deberán comunicar cada ano ao organismo pagador, antes do 31 de outubro, unha declaración dos gastos que xustifique o uso dos anticipos até o 15 de outubro correspondente e a confirmación do saldo restante dos anticipos non utilizados en data 15 de outubro. A dita declaración de gastos farase por primeira vez antes do 31 de outubro de 2015.

5. Os organismos pagadores de cada comunidade autónoma deberán remitir ao Fega a información comunicada con base nos puntos 1, 2, 3 e 4 antes do 20 de xaneiro para a súa remisión á Comisión Europea.

6. Para os efectos do artigo 18, número 2, do Regulamento de execución (UE) n.º 282/2012, sobre liberalización de garantías, as probas de dereitos á concesión definitiva que se deberán presentar serán a última declaración de custos e a confirmación do saldo a que se fai referencia nos números 1, 2, 3 e 4.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 27 de xuño de 2014.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,
ISABEL GARCÍA TEJERINA